



Condicións nas que determinados organismos nocivos, vexetais, produtos vexetais e outros obxectos, poidan ser introducidos ou transportado dentro da UE con fins de ensaio, científicos e para a actividade de selección de variedades, procedentes de países terceiros.

(Directiva 2008/61/CE, de 17 de xuño e R.D. 39/1998, do 16 de xaneiro polo que se modifica o R.D 401/1996, da 1 de marzo).

INSTRUCCIÓNS

1- Requisitos previos. Solicitud de autorización das actividades

- Para calquera actividade con fins de ensaio ou científicos ou para a actividade de selección de variedades (a partir deste momento denominadas as actividades), que impliquen a utilización de organismos nocivos, vexetais, produtos vexetais ou outros obxectos (a partir deste momento denominado o material) e de acordo co artigo 2 do RD 401/1996 considérase un requisito previo a **solicitud de autorización das actividades** que se dirixirá ao órgano competente da Comunidade Autónoma correspondente, antes da introdución ou o transporte do devandito tipo de material dentro do territorio nacional, e en consecuencia, da Unión Europea ou de determinadas zonas protexidas desta.
- A solicitude deberá tramitarse oficialmente a través da universidade ou centro de investigación onde se vaian realizar os ensaios e presentarase no Rexistro da Xunta de Galicia dirixida ao órgano competente na comunidade autónoma, que no caso de Galicia é a **Consellería do Medio Rural e do Mar, Subdirección Xeral de Apoio ás Explotacións Agrarias. Edificio Administrativo San Caetano. 15781 Santiago de Compostela.**

DATOS NECESARIOS QUE CONTERÁN AS SOLICITUDES DE AUTORIZACIÓN DA ACTIVIDADE:

- Nome, apelidos e dirección do remitente ou do organismo fitosanitario do país de orixe.
- Nome, apelidos e dirección da persoa responsable das actividades autorizadas. Teléfono de contacto.
- Nome do organismo oficial responsable do Estado membro expedidor da carta: **Ministerio de Agricultura, Alimentación e medio. Dirección Xeral de Sanidade da Producción Agraria. Subdirección Xeral de Acordos Sanitarios e Control en Fronteira**
- Dirección e descrición do lugar ou os lugares concretos de confinamento en corentena e nos que se desenvolverán os ensaios.
- Lugar de orixe (adjuntense os xustificantes de orixe no caso de material procedente dun país terceiro emitidos polo responsable do proxecto en país terceiro, decano, reitor, etc).
- Punto de entrada declarado para o material introducido dende un país terceiro e forma de introdución (por axencia de cargo, facturado coa equipaxe do portador, portado en man). Só están autorizados os aeroportos ou portos que teñan a consideración de Punto de Inspección Fronteirizo (PIF) na Unión Europea. No caso de Galicia aplícase o estipulado no punto 3 parágrafo 2º.

- Tipo e duración da actividade que se realizará co material.
- Forma en que serán conservadas as mostras nos lugares de destino.
- Número de pasaporte fitosanitario ou número de certificado fitosanitario (soamente para vexetais ou produtos vexetais suxeitos á esixencia deste).
- Se procede, nome ou nomes científicos do material, incluídos os dos organismos nocivos.
- Cantidade de material.
- Tipo de material.
- Información adicional: proceso de destrución e eliminación das mostras unha vez finalizados os ensaios.
- Data e firma do solicitante.

2.- Informe favorable da Consellería de Medio Rural e do Mar

- Recibida a solicitude os técnicos da Consellería do Medio Rural e do Mar da comunidade autónoma realizarán unha visita ao centro no que se vaian realizar os ensaios, para no seu caso, autorizar a actividade.
- Se se cumpren os requisitos, a comunidade autónoma informará favorablemente da autorización da actividade o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio (MAGRAMA) e o solicitante desta.

3.- Emisión da Carta de Autorización Oficial por parte do MAGRAMA

- Á vista do informe da Consellería do Medio Rural e do Mar sobre a importación citada, o MAGRAMA autorizará a introdución do material mediante a emisión da "Carta de Autorización Oficial", enviando o orixinal ao solicitante e copias desta á Inspección de Sanidade Vexetal do MAGRAMA na comunidade autónoma e ao órgano responsable da consellería, acompañada dun oficio onde se indica o proceso a seguir para a introdución efectiva das mostras e no que se considera a obrigatoriedade de que o material sexa sometido a unha inspección fitosanitaria, antes de permitir a súa entrada na Unión Europea.
- A inspección citada anteriormente realizarase no Posto de Inspección Fronteirizo (PIF) que no caso de Galicia son o **aeroporto de Lavacolla** único PIF aéreo autorizado na comunidade autónoma ou nos PIF dos portos da **Coruña, Ferrol, Vigo, Marín, Vilagarcía de Arousa** ou **Ribadeo** se o material vén por barco, en consecuencia co anterior, calquera entrada por outro porto ou aeroporto distinto aos mencionados será **ilegal** polo que a mercadoría será inmovilizada e posteriormente destruída.
- Tamén é factible que a mercadoría entre polo aeroporto de Madrid - Barallas, ou por calquera outro PIF aéreo ou portuario dos autorizados a nivel da Unión Europea.
- En caso de que o material o envíe o remitente, é dicir, cando non vaian ser portadas en man ou facturado coa equipaxe, poderán presentarse dúas opcións:

a).- Envío por correo, en cuxo caso o PIF será o aeroporto de Madrid - Barallas ou o de Barcelona.

b).- A través dunha **axencia de carga** xa sexa vía aérea ou marítima. Neste segundo caso o lugar de entrada será o aeroporto Lavacolla ou os PIFs portuarios correspondentes.

En ambos os dous casos, no exterior do paquete enviado deberase indicar a lenda "**MOSTRAS CON FINS DE ENSAIOS, CIENTÍFICOS Y PARA A ACTIVIDADE DE SELECCIÓN DE VARIEDADES (Real Decreto 401/1996, da 1 de marzo, BOE 19-03-1996)**".

O destinatario das mostras deberá comunicar ao MAGRAMA con antelación a data de entrada do devandito envío.

A Carta de Autorización Oficial ten unha validez de **catro meses** contados dende a data da súa expedición.

4.- Realización da inspección fitosanitaria do MAGRAMA

Cando o solicitante coñeza aproximadamente a data de chegada das mostras, debe poñerse en contacto coa Inspección de Sanidade Vexetal do MAGRAMA da provincia na que se encontre situado o PIF de entrada. Na Coruña no seguinte teléfono: Lola Álvarez Centeno Telf. 981 989 733 enviando por fax (981 989 737) ou por correo electrónico (lola.alvarez@seap.minhap.es) debidamente cumprido, o **solicito de inspección** que lle facilitará, cunha antelación mínima de 24 horas ao momento en que desexe que se realice a inspección. E no resto dos casos José Burgo Carregal Telf. 986 989 132 FAX 986 989 144 (jose.burgo@seap.minhap.es).

5.- Control das actividades autorizadas pola comunidade autónoma

- Os órganos competentes das Comunidades Autónomas onde vaian desenvolverse as actividades, controlarán o desenvolvemento das actividades autorizadas, garantindo o cumprimento das condicións de confinamento en corentena e das demais condicións xerais establecidas no anexo I do Real Decreto 401/1996, a través dos exames das instalacións e actividades en tanto estas duren, nos momentos axeitados, para garantir a súa efectividade.

6.- Información complementaria

- Calquera aclaración ao anteriormente exposto pode facerse ao Servizo de Sanidade e Producción Vexetal pertencente á Subdirección de Apoio ás Explotacións Agrarias, no teléfono 981 540 338 ou aos teléfonos do MAGRAMA do punto 4 anterior.

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2012

**DIRECCIÓN XERAL DE PRODUCCIÓN AGROPECUARIA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE APOIO ÁS EXPLOTACIÓNS AGRARIAS
SERVIZO DE SANIDADE E PRODUCCIÓN VEXETAL**